

Que é ECOBAS

ECOBAS (*Economics and Business Administration for Society*) é unha agrupación estratéxica creada no seo da Universidade de Vigo cuxo obxectivo é unificar e consolidar a colaboración entre os grupos de investigación de referencia no ámbito da economía e a empresa co fin de maximizar o impacto académico, económico e social das súas actividades de I+D+i a nivel rexional, nacional e internacional.

Se ben a Economía e a Empresa coma disciplinas de coñecemento permiten unha transversalidade na aplicación dos resultados de investigación en diferentes sectores, a agrupación impacta de xeito máis directo nos seguintes:

- **Economía dos recursos naturais:** principalmente pesca, acuicultura e enerxías renovables
- **Economía ambiental e enerxética:** impacto ambiental, eficiencia enerxética e enerxías renovables
- **Innovación e internacionalización:** métodos e procesos para a concepción, industrialización e loxística de novos produtos, modelos de negocio, ecoinnovación e planificación estratéxica
- **Economía e sociedade:** análise de políticas públicas, responsabilidade social corporativa, turismo, saúde e deporte

O Noso Equipo

O EQUIPO DE INVESTIGACIÓN

ECOBAS está integrada por 12 grupos de investigación dos Campus Universitarios de Vigo, Pontevedra, Ourense e A Coruña:

- C+D Group (*Competitividad y desarrollo en la UE*)
- CoAFin (*Contabilidad, auditoría y finanzas*)
- ECOSOT (*Economía, Sociedad y Territorio*)
- EMAF (*Economic Modeling and Forecasting*)
- Empresa Internacional
- ERENEA (*Economía de los Recursos Naturales y Ambientales*)
- G4_Plus (*Desarrollo estratégico: organizaciones y territorios*)
- GEN (*Governance and Economics research Network*)
- GRIEE (*Group of Researchers in Empirical Economics*)
- iMark (*Group of Researchers in Marketing Research*)
- REDE (*Research Group in Energy, Innovation and Environment*)
- RGEA (*Research Group in Economic Analysis*)

O EQUIPO DE XESTIÓN

Comité Científico-Executivo:

- Carlos Hervés (Coordinador da Agrupación)
- Belén Fernández-Feijóo
- Carlos Gradín
- Emma Iglesias
- Juan Surís
- Xosé H. Vázquez

Comisión de Dirección:

- Este órgano de xestión está integrado polos investigadores principais dos doce grupos de investigación

Xestores de I+D+i:

- David Sánchez
- Cristina Vázquez

ECOBAS en cifras

- 12 grupos de investigación
- 2 Universidades, 4 campus universitarios
- 125 doutores, 27 investigadores predoutorais, 34 colaboradores externos, 7 xestores
- 1 Programa de Doutoramento Interuniversitario propio
- Máis de 40 publicacións JCR de primeiro e segundo cuartil durante o ano 2015 nas revistas máis importantes do ámbito da economía e a empresa
- 23 proxectos nacionais e 6 internacionais obtidos entre 2014 e 2015 cunha captación de fondos de máis de 3 millóns de euros

Os Nossos Obxectivos

O principal obxectivo da agrupación é **crear e consolidar un polo de excelencia rexional, nacional e internacional no ámbito da economía e a empresa**, recoñecible pola calidade das súas actuacións en I+D+i e pola capacidade de asumir novos retos, dun xeito multidisciplinar e colaborativo.

De maneira máis detallada, os obxectivos son:

- Incrementar o número e o financiamento de proxectos captados en convocatorias nacionais e internacionais nas áreas de referencia
- Incrementar o número de publicacións e citas en revistas de primeiro cuartil
- Aumentar a transferencia e difusión de resultados de I+D+i
- Aumentar a captación de recursos humanos
- Fomentar a igualdade de xénero na investigación
- Estimular a mobilidade do persoal investigador
- Formar doutores nos ámbitos da Economía e a Empresa